

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE FERROL E A FEDERACION GALEGA DE JUDO Y DISCIPLINAS ASOCIADAS. SUBVENCIÓN NOMINATIVA ORZAMENTO 2021

REUNIDOS

Dunha parte, Don Antonio Golpe Díaz con DNI 32621637R, Concelleiro Delegado da Área Cultura, Educación, Universidade, Deportes e Festas do Concello de Ferrol, con CIF P-1503700 – E.

E de outra, Don Mario Manuel Muzas Cobo, con DNI 50420454S, Presidente da FEDERACION GALEGA DE JUDO Y DISCIPLINAS ASOCIADAS , CIF G15109267.

Da fe do acto don Leopoldo Moure García, secretario xeral deste Concello

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas.

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente do Concello de Ferrol e da entidade de apoiar e promocionar o deporte do judo a través da organización e realización no ano 2021 do " XXI Trofeo de Judo Cidade de Ferrol", ambas as dúas partes,

ACORDAN

Formalizar este convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

PRIMEIRA.- OBXECTO

É obxecto deste convenio establecer as bases de colaboración entre o Concello de Ferrol e a FEDERACION GALEGA DE JUDO Y DISCIPLINAS ASOCIADAS para o financiamento da organización e realización no ano 2021 do "XXI Trofeo de Judo Cidade de Ferrol", tal e como se describe na memoria e no calendario de actividades presentados polo beneficiario.

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

De acordo coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, considéranse gastos subvencionables os gastos correntes directamente vinculados única, exclusiva e completamente ao desenvolvemento das actividades programadas e recollidas na memoria, e dicir: "XXI Trofeo de Judo Cidade de Ferrol", sempre que sexan debidamente computados na contabilidade xeral e se realicen no período comprendido entre :

O 01/01/2021 e a data de xustificación da actividade obxecto da subvención.

De conformidade co artigo 31.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrados e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

En virtude do acordo plenario de data 26-04-2018 o Concello de Ferrol non colaborará economicamente nin con recursos humanos ou materiais con ningún evento deportivo, con carácter federado ou non federado que entregue premios distintos en función de xénero polo mesmo posto e mesma categoría.

Non se admitirá como documento xustificativo do gasto documentos denominados "recibís" como documento xustificativo do pago de conceptos retributivos de calquera natureza laboral salvo a previa xustificación en suxección ao ordenamento xurídico vixente de que os mesmos teñen cabida por ser xustificado mediante a documentación ordinaria (nóminas etc).

TERCEIRA.- ACHEGA MUNICIPAL

1. O Concello contribúe ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira cunha achega de **3.500 €**.

Informado favorablemente. O xefe do Servizo

Tendo en conta a contía da subvención e de conformidade co artigo 34.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro e o artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, realizaranse pagos anticipados (entrega de fondos de carácter previo á xustificación) de conformidade co seguinte:

1.750 € á sinatura do convenio (50%)

1.750 € unha vez que a entidade xustifique o importe total da subvención (50%)

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe concedido, a cantidade que aboará o Concello de Ferrol reducirase proporcionalmente.

Agora ben, se a cantidade correctamente xustificada non acadase o 50% do importe concedido, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha.

3. O importe do financiamento municipal farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 05004 3411 48000 do orzamento 2021.

4. A axuda concedida polo Concello de Ferrol ten o carácter de máxima e non ampliable, polo que calquera incremento que poidan experimentar os gastos inicialmente previstos correrán por conta do beneficiario deste convenio de xeito exclusivo. O anterior entenderase sen perxuízo de que o beneficiario da subvención poida solicitar a colaboración (vallas, contenedores, electricidade, ...) daqueles servizos municipais que sexan imprescindibles para a realización da actividade subvencionada sempre e cando a dita colaboración non afecte ao normal funcionamento destes.

5. A subvención do Concello de Ferrol é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención municipal, non supere en ningún caso o custo total da actividade subvencionada.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do custo da actividade, minorarase a aportación municipal no importe excedido.

CUARTA.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. De acordo co artigo 29.1 e 2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, queda prohibida a subcontratación, total ou parcial, da actividade subvencionada.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á FEDERACION GALEGA DE JUDO Y DISCIPLINAS ASOCIADAS, nin con calquera na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións (subministrados ou servizos) iguala ou supera os 15.000 € sen iva, con carácter previo á contratación, o beneficiario deberá solicitar alomenos 3 orzamentos a distintos provedores.

Entre as ofertas recibidas deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. Se o beneficiario tivera necesidade de contratar os servizos de terceiras persoas ou entidades para realizar as actividades obxecto deste Convenio, deberá observar estrictamente as obrigas que aos empresarios ou empregadores impoña a lexislación vixente en materia de Seguridade Social e Seguridade e Hixiene no Traballo.

QUINTA.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO MUNICIPAL.

Na publicidade que o beneficiario faga sobre as actividades obxecto da subvención (por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais, internet, web...), así como no material empregado nas mesmas e adquirido coa subvención (camisetas, carteiras de cintura, trofeos, bolsas...), deberá figurar en lugar destacado o anagrama do Concello de Ferrol.

No caso de que o beneficiario recibise subvencións de distintas entidades públicas ou privadas, a publicidade que se lle dea ao financiamento municipal deberá ser, polo menos, análoga á empregada coas demais subvencións.

Coa documentación xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga co Concello de Ferrol.

SEXTA.- DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA.

A documentación xustificativa deberá vir asinada do seguinte xeito:

- No caso das certificacións, pola Secretaría co visto e prace da Presidencia ou persoa na que delegue. No caso de certificación acreditativa dos gastos realizados ás sinaturas anteriores xuntarase á da Tesouraría da entidade.
- No caso das declaracións e outra documentación, pola Presidencia ou persoa na que delegue.

A documentación que se ha de presentar é a seguinte:

- (NO CASO DE QUE EXISTA) Acreditación da delegación da Presidencia na que se especifique o alcance da dita delegación (sinatura do Convenio, sinatura da documentación necesaria para a tramitación da subvención...). A dita acreditación realizarase mediante acordo da Xunta Directiva, poder notarial ou calquera medio válido de acreditación en dereito.
- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación como mínimo do seguinte contido:
 - Recursos económicos realmente utilizados, pormenorizando os importes que corresponden ás subvencións recibidas dos fondos propios utilizados para a execución da actividade.
 - Número de beneficiarios.
 - Estimación do impacto económico, social e de xénero da actividade subvencionada.
 - No suposto de que a actividade subvencionada corresponda a unha competición:
 - Número de deportistas beneficiarios.
 - Número de competicións nas que participou.
 - Número de deportes promocionados.
 - % de beneficiarios participantes en competicións internacionais.
 - % de beneficiarios participantes en competicións nacionais.
 - % de beneficiarios participantes en competicións galegas.
 - % de beneficiarios participantes en competicións provinciais.
 - % de beneficiarios de actividade non federada.
 - % de incremento de beneficiarios por deporte respecto ao ano anterior.
 - Méritos deportivos acadados polos beneficiarios.
- Se o importe do gasto subvencionable supera a contía de 15000 € no suposto de contratación de subministros ou servizos, a entidade beneficiaria deberá manifestar que se cumpriron as condicións expresadas na cláusula cuarta, do Convenio
- Certificación acreditativa dos gastos realizados, con identificación das persoas acreedoras (nome da empresa e NIF ou, no seu caso, apelidos completos e sen abreviatura e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos de documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data e forma de pago).
- Facturas orixinais ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa polo importe total da subvención concedida, ao abeiro do establecido no artigo 30.3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro (Lei Xeral de subvencións e o seu Regulamento).

- Declaración responsable de que os gastos presentados non se van a utilizar noutras subvencións públicas ou privadas coma xustificantes de gasto, comprometéndose a gardar dita documentación por si chegado o momento fora requirida.
- Declaración responsable de que as facturas presentadas corresponden de forma exclusiva, plena e completamente á actividade: “**XXI Trofeo de Judo Cidade de Ferrol**”.
- Xustificantes de pagamento das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.
 - No caso de pagamento por transferencia bancaria: xustificante bancario;
 - No caso de pagamento por cheque: extracto bancario e copia da matriz do talón.
 - No caso de transferencia electrónica xustificante impreso co selo da entidade e extracto.

Previa a oportuna xustificación admitirase o pago en efectivo, sempre que a factura ou documento probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa non supere os 150 € (ive engadido) e que o gasto total xustificado en efectivo non supere o 20 % do importe adxudicado. En todo caso o importe total do gasto xustificado en efectivo non poderá superar os 1500 €. Na factura ou documento equivalente deberá constar cuño do establecemento ou recibín asinado pola persoa que recibe os fondos con indicación do seu nome e DNI. En todo caso, xustificarse a elección deste medio de pago.

- Declaración de non ter obrigas pendentes coa Facenda estatal e autonómica e coa Seguridade Social
- Declaración responsable de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos das subvencións doutras Administracións Públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos ingresos que xere a propia actividade subvencionada, ou, pola contra, declaración de non ter outro ingresos públicos ou privados para o mesmo obxecto.

No caso de concorrencia de subvencións públicas que estean xustificadas, poderá achegarse certificación da Administración que lla concedeu, na que se detallan os conceptos subvencionados e os importes xustificados así como o período ao que se refiren os gastos.

- Declaración responsable de que nos eventos subvencionados non se outorguen premios xustificados en función do xénero polo mesmo posto e mesma categoría.
- Documentación gráfica acreditativa do cumprimento das obrigas en materia de publicidade do financiamento do Concello de Ferrol establecida na cláusula quinta do Convenio.
- No caso de que algunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores, declaración responsable de que o persoal que presta servizos no desenvolvemento das actividades obxecto da subvención, cumpre os requisitos previstos no artigo 13 da Lei 26/2015 do 28 de xullo de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.

No caso de que ningunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores, deberá acreditalo de forma expresa mediante unha declaración responsable.

- Balance xustificativo dos gastos e ingresos da actividade subvencionada (estado de gastos e ingresos imputables á actividade subvencionada).
- Designación de conta bancaria según as normas establecidas pola Tesourería Municipal.

SÉTIMA.- PRAZOS DE XUSTIFICACIÓN DO CONVENIO.

A xustificación deberá ser presentada **como data máxima o 30 de decembro de 2021**, sen que sexa posible a ampliación do seu prazo.

7.1.-No caso de achegar xustificantes que non se axusten ao esixido ou presentar a documentación xustificativa incompleta, se lle notificará á persoa ou entidade beneficiaria da subvención, para que poida emendar, os xa presentados, no prazo de dez días hábiles. Poderase, excepcionalmente e previa xustificación, presentar novos documentos dentro do prazo concedido a tal fin. , sen que isto signifique a posibilidade de realizar e ou presentar documentos de gasto e/ou de pago con data posterior á data máxima de xustificación establecida neste Convenio. Transcorrido o dito prazo sen que a entidade interesada atenda o requirimento, entenderase que desiste do seu pedimento ditándose a resolución que lle deberá ser notificada á entidade beneficiaria.

7.2.-De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido o prazo de xustificación sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requerimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

En todo caso, os documentos de gasto e/ou de pago que se presenten neste prazo excepcional deberán estar emitidos dentro do período máximo de xustificación establecido no Convenio.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional suporá a renuncia á subvención outorgada, así como a esixencia do reintegro e demais responsabilidades dispostas na Lei xeral de subvencións.

A presentación da xustificación neste prazo excepcional ou no período comprendido entre a finalización do prazo de xustificación e a notificación do prazo excepcional non eximirá á entidade beneficiaria das sancións que, conforme á Lei xeral de subvencións lle correspondan previa incoación e tramitación do expediente sancionador correspondente segundo a seguinte gradación:

- Atraso na presentación da xustificación ata un mes: sanción do 20% do importe da subvención adxudicada co límite de 450 €. O prazo contarase dende o prazo máximo de xustificación
- Atraso na presentación da xustificación superior a un mes ata tres meses: sanción do 30% do importe da subvención adxudicada co límite de 800 €. O prazo contarase dende o prazo máximo de xustificación.
- Atraso na presentación da xustificación superior a tres meses: sanción do 40% do importe da subvención adxudicada co límite de 900 €. O prazo contarase dende o prazo máximo de xustificación.

A tramitación do expediente de pago da subvención suspenderase durante a tramitación do expediente sancionador.

Aplicarase a compensación para o cobramento da sanción.

OITAVA- REINTEGRO DAS CANTIDADES CONCEDIDAS.

O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conlevar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O dito procedemento realizarase de conformidade co disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e nos art. 91 e seguintes do RD 887/2006.

NOVENA .- CONTROL FINANCEIRO.

O control financeiro realizarase pola intervención municipal consonte o previsto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DÉCIMA .- AUTORIZACIÓNS ADMINISTRATIVAS.

O beneficiario obrígase a obter, no suposto de ser necesario e con carácter previo, as autorizacións administrativas que fosen necesarias (incluída a municipal) para a realización da actividade obxecto do convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio de colaboración producirá efectos dende a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 31/12/2022.

DÉCIMO SEGUNDA.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

12.1.O presente Convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

12.2.Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998. de 13 de xullo, reguladora da dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

DÉCIMO TERCEIRA.- USO DA LINGUA GALEGA E DUNHA LINGUAXE NON DISCRIMINATORIA.

As comunicacións co Concello de Ferrol, así como as difusións relativas ao obxecto deste convenio deberán realizarse en galego en cumprimento da Ordenanza Municipal de Normalización Lingüística. Igualmente, empregarase unha linguaxe non discriminatoria nin excluínte do xénero feminino.

En proba de conformidade, asinamos este convenio por duplicado exemplar, en Ferrol, o

Polo CONCELLO DE FERROL
O Concelleiro Delegado da Área Cultura,
Educación, Universidade, Deportes, Turismo e Festas

Pola FEDERACION GALEGA DE JUDO Y
DISCIPLINAS ASOCIADAS
O Presidente

Antonio Golpe Díaz

Mario Manuel Muzas Cobo

O secretario xeral

Leopoldo Moure García